

## Corazóns de terra

**LOIS DIÉGUEZ**

Immensa a Terra Chá. Grande o seu corazón de nubes pousándose nas suavísimas lombas que forman carballeiras.

Sobre elas no Miño e no Cepelo eses ollos grandes que el deixa. A palabra florecida e sinxela como a cotobía, profunda como a patria.

Ao fin é o home quen cantou para mostrárnolas. Porque Manuel María foi sobre todo un galego que exercía como tal, fiel ao idioma e a nación. Que grande, infinda páxina a que escribiu para todos e todas nós. Enfeitizada, amorosa, con Saleta. Onde estaban, onde están, agroma o amor, o sorriso e a palabra nosa, colectiva.

Nunca será a despedida, porque as obras fican. Sobre Galiza e baixo a súa bandeira o seu rostro. Que orfos e tristes están hoxe a Chaira, e o mar, e tantos, tantos corazóns de terra.

Que de cores vai ter o poema que el nos deixa nunha obra tan grande e azul.

---